

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRESTACIÓN DAS ACTIVIDADES DE ENVELLECIMENTO ACTIVO DOS CENTROS SOCIAIS MUNICIPAIS.

1. INTRODUCCIÓN.

O programa denominado “envellecemento activo” é un programa dos Servizos Sociais do Concello de Arzúa que procura facilitar a participación dos individuos dunha comunidade concreta en actividades colectivas. Os principais obxectivos deste programa son:

- Fomentar as relacións interpersoais entre os membros dunha mesma comunidade e proporcionar espazos de encontro e actividades que favorezan as relacións sociais.
- Impulsar a utilización dos locais sociais como punto de encontro e de convivencia.
- Ofrecer unha alternativa de ocio para as persoas de maior idade que viven nas zonas rurais do noso Concello.
- Desenvolver actividades que conduzan a un mellor benestar físico, psíquico e social.

2. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato é o desenvolvemento das actividades do programa “Envellecemento activo” levado a cabo por este Concello.

Durante a duración deste contrato este programa vaise desenvolver nun total de 11 parroquias.

3. TIPOLOXÍA E CALENDARIO DAS ACTIVIDADES.

As actividades a realizar serán: xerontoximnasia, ximnasia correctiva, psicomotricidade, relaxación.

As actividades incluídas na programación distribuiranse do seguinte xeito:

- Sesións dunha hora semanal en cada unha das parroquias obxecto do contrato.
- A programación abranguerá actividades que se desenvolverán de outubro a xuño. Durante este período faríase un descanso correspondente ás vacacións de Nadal (empezaría o día 15 de decembro), as vacacións de Entroido e Semana Santa.
- Os días e horas nos que se realizarán as actividades nas diferentes parroquias serán establecidos polo Departamento de Servizos Sociais do Concello de Arzúa.

4. FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.

a. A empresa adjudicataria porá a disposición do concello os monitores precisos para o desenvolvemento das actividades propostas.

b. No caso de que durante o desenvolvemento dunha actividade o monitor, a xuízo das técnicas de servizos sociais responsábeis, non se adapte ou non se considere idóneo para o grupo ao que vai dirixido a actividade, poderá solicitarse da empresa adjudicataria o cambio de monitor.

c. A supervisión, control e avaliación das actividades programadas corresponderá ás técnicas do

departamento de servizos sociais.

d. O adxudicatario levará un control diario de asistencia, conforme o modelo que lle sexa administrado polas traballadoras do departamento de servizos sociais.

e. A empresa adxudicataria subministrará o material necesario para o desenvolvemento das actividades.

5. RESPONSABILIDADES E FUNCÍONS DA EMPRESA

- Aportar o persoal preciso para o desenvolvemento das actividades. O persoal non terá ningún tipo de relación laboral contractual ou de outra natureza co Concello de Arzúa.
- Cumprir tódalas disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade e hixiene no traballo do persoal ao seu cargo.
- Comunicar ao departamento de Servizos Sociais as incidencias que se produzan no desenvolvemento da actividade diaria.
- Aportar os medios materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade.
- Facerse carto do seguro de accidentes e responsabilidade civil dos participantes.
- No caso de haber queixas dos usuarios sobre o profesional que imparte a actividade, e previa valoración por parte do Departamento de Servizos Sociais e a empresa adxudicataria, a empresa comprométese ao cambio de dito profesional.
- Entregar canta documentación lle sexa requirida polos técnicos do departamento de Servizos Sociais.

6. RESPONSABILIDADES DO CONCELLO DE ARZÚA.

- Facilitar á empresa adxudicataria a listaxe das persoas participantes en cada unha das actividades a desenvolver.
- Facilitar as instalacións para o desenvolvemento da actividade.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

1. Oferta económica.

Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$Po = Pb * (Om / Op)$$

Na que:

Po: Puntuación oferta

Pb: Puntuación máxima

Om: Oferta máis baixa presentada

Op: Oferta presentada

2. Programación da actividade onde se contemplan: obxectivos, metodoloxía a empregar, material necesario para o desenvolvemento da actividade.

Valorarase o proxecto do servizo ofertado polos licitadores, de xeito especial valoraranse:

- A maior concreción das actividades que se van a desenvolver.
- A maior concreción da metodoloxía a empregar para a execución da actividade.
- A maior diversidade de material a empregar no desenvolvemento das actividades.